



Instrucións do proceso de admisión para o alumnado do réxime de adultos distancia

Orde do 15 de xuño de 2016 pola que se regula o procedemento de admisión do alumnado de FP.

1. Proceso de admisión centralizado na aplicación informática **web**:

(<https://www.edu.xunta.es/ciclosadmision/>)

2. A solicitude de **participación no proceso** farase xerando o **Anexo II.** e xuntando a documentación escaneada que se solicite.

- Con carácter xeral a validación é automática (non precisa entregala en ningún centro). Conservar copia impresa como resguardo.
- No caso de que se indique no Anexo, deberá validarse nun centro. Xerará un exemplar para o centro e un exemplar para o interesado. Presentarase nun centro con oferta de FP coa documentación requirida.

3. *Documentación* requirida pola aplicación. Con carácter xeral: **DNI** e a **titulación de acceso** indicada na solicitude (se presenta certificación académica, deberá constar o pago de taxas do título). Só poderá presentar a solicitude de admisión se cumpre os requisitos de acceso no momento da inscrición.

4. De ter que presentar a solicitude: **Anexo II** (para o centro e para o solicitante) xerado na aplicación, xunto coa documentación, na secretaria *dun centro de Galicia que oferte FP* entre o **25 de xuño e o 8 de xullo de 2019**. Poderá *remitila por correo postal certificado* en sobre aberto co selo de correos no mesmo prazo, e deberá enviar tamén toda a documentación escaneada ao correo electrónico do centro cifp.anel.casal@edu.xunta.es.

***Estudos estranxeiros:** Deberá marcar o que corresponda no punto 5 da solicitude. Se os estudos están homologados co nivel de bacharelato, deberá marcar ademais na aplicación os estudos de *COU/PREU/Bacharelato sen modalidade ou outros equivalentes*. Se os estudos están homologados co nivel da ESO, deberá marcar ademais na aplicación *Título da ESO LOE ou LOXSE*.

No caso de presentar vida laboral, comprobe que está **completa**.

5. A adxudicación de prazas aparecerá na páxina web: (<http://www.edu.xunta.es/fp/>) e na páxina web do centro <http://www.cifpanxelcasal.gal/>. Haberá sucesivas adxudicacións de prazas.

6. Formalización da **matrícula, e reserva** en caso de adxudicación:

- De ter adxudicación nos módulos solicitados poderá formalizar a matrícula na aplicación informática.
- De non ter adxudicación en todos os módulos solicitados, poderá reservar a praza nos módulos adxudicados e agardar ás seguintes adxudicacións para facer efectiva a matrícula na espera de poder ter adxudicación en todos os módulos solicitados.

De matricularse quedará en listas de espera dos módulos do ciclo no que se matricule e que non foran adxudicados. De non matricularse seguirase no proceso de adxudicación para os módulos nos que estea en espera. As persoas que reserven módulos e non se matriculen deles no período ordinario deberán formalizar a matrícula antes do remate do período extraordinario. Poderá realizala **VÍA WEB**.



Alumnado que teña pendente de superación unicamente o módulo de **FCT** e/ou o módulo de **Proxecto**, poderá presentar o documento de solicitude e matrícula (Anexo II réxime persoas adultas) dende o 25 de xuño, e ata 1 mes do inicio da FCT. (Artigo. 6.5 Orde 28_02_2007). Recoméndase **entregala do 13 ao 17 de xullo**.

Códigos Réxime Adultos. Oferta Distancia

Código do CIFP Ánxel Casal- Monte Alto 15022607	
ZMSAN01	EMERXENCIAS SANITARIAS
MP0058	Apoio psicolóxico en situacións de emerxencia
MP0054	Dotación sanitaria.
MP0061	Anatomofisioloxía e patoloxía básicas
MP0052	Mantemento mecánico preventivo do Vehículo- CIFP SOMESO
MP0062	Formación e orientación laboral
MP0060	Teleemerxencias.
MP0055	Atención sanitaria inicial en situacións de Emerx.
MP0063	Empresa e iniciativa emprendedora
MP0059	Plans de emerxencias e dispositivos de riscos previsibles
MP0056	Atención sanitaria especial en situacións de emerxencia
MP0057	Evacuación e traslado de pacientes
MP0053	Loxística sanitaria en emerxencias
Código do CIFP Ánxel Casal – Monte Alto 15022607	
ZMSAN02	FARMACIA E PARAFARMACIA
MP0099	Disposición e venda de produtos
MP0106	Formación e orientación laboral
MP0061	Anatomofisioloxía e patoloxía básicas
MP0101	Dispensación de produtos farmacéuticos
MP0103	Operacións básicas de laboratorio
MP0107	Empresa e iniciativa emprendedora
MP0020	Primeiros auxilios
MP0102	Dispensación de produtos parafarmacéuticos
MP0105	Promoción da saúde.
MP0100	Oficina de farmacia
MP0104	Formulación maxistral



Código do CIFP Ánxel Casal- Monte Alto 15022607	
ZMSSC01	<i>ATENCIÓN ÁS PERSOAS EN SITUACIÓN DE DEPENDENCIA</i>
MP0212	Características e necesidades das persoas en situación de dependencia.
MP0215	Apoio domiciliario.
MP0216	Atención sanitaria.
MP0218	Formación e orientación laboral
MP0831	Teleasistencia
MP0020	Primeiros auxilios
MP0219	Empresa e iniciativa emprendedora
MP0217	Atención hixiénica
MP0214	Apoio á comunicación.
MP0210	Organización da atención ás persoas en situación de dependencia
MP0211	Destrezas sociais
MP0213	Atención e apoio psicosocial.
Código do CIFP Ánxel Casal- Monte Alto 15022607	
ZSSSC01	<i>EDUCACIÓN INFANTIL</i>
MP0017	Habilidades sociais.
MP0021	Formación e orientación laboral
MP0012	Autonomía persoal e saúde infantil
MP0011	Didáctica da Educación Infantil
MP0015	Desenvolvemento cognitivo e motor
MP0022	Empresa e iniciativa emprendedora
MP0018	Intervención con familias e atención a menores en risco social
MP0013	O xogo infantil e a súa metodoloxía
MP0014	Expresión e comunicación
MP0020	Primeiros auxilios
MP0016	Desenvolvemento socioafectivo